

# A SANIDADE PÚBLICA PARA **TODOS**

- + EFICIENTE
- + FINANCIAMIENTO
- + INNOVACIÓN
- + EQUITATIVO
- + ATENCIÓN
- + GESTIÓN



Teléfono de contacto

**900 102 305**



[facebook.com/pensionistasccoo](https://www.facebook.com/pensionistasccoo)



[twitter.com/pensCCOO](https://twitter.com/pensCCOO)

[www.pensionistas.ccoo.es](http://www.pensionistas.ccoo.es)



**CCOO**

[www.sanidad.ccoo.es](http://www.sanidad.ccoo.es)



**pensionistas**

# EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA E POLA ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES

A pandemia do coronavirus puxo en evidencia a fragilidade do sistema de atención ás persoas maiores con carácter xeral e, en particular, ás persoas en situación de dependencia. Agudizouse a deterioración do sistema sanitario, que necesita con urxencia reformarse e garantir unha **coordinación sociosanitaria** xestionada desde o sistema sanitario público. Seriamos máis eficientes e daríamos unha mellor atención a pacientes pluripatolóxicos e a persoas dependentes.

## ALTERNATIVAS DE CCOO:

### O FINANCIAMENTO QUE NECESITAMOS

- Esiximos un financiamento finalista e suficiente para o Sistema Nacional de Saúde, elevando o gasto público ao **7,2% do PIB**, destinando a **Atención Primaria un 25%** e ata un **10% a Saúde Pública** para aproximarnos á media da Unión Europea.
- Igualmente, no sector da dependencia, o Goberno central debe financiar o **50% do gasto**; agora só cobre o 19,9%.

### RECUPEREMOS DEREITOS

- Aínda que xa se recuperou a **universalidade** da asistencia, cómpre corrixir a desigualdade no **copagamento farmacéutico**, incorporar ao financiamento público os medicamentos excluídos e, igualmente, recuperar as prestacións ortoprotésicas, transporte, etc. Tamén debería ampliarse a atención e cobertura da saúde bucodental ás persoas maiores e colectivos vulnerables.
- Creación e dinamización dos **Consellos de Saúde Locais e de Zona Básica**, garantindo a **participación real e efectiva** neles. Dar a **coñecer os recursos comunitarios** aos maiores no seu medio, barrio, vila, comarca ou cidade.

### MELLOREMOS A XESTIÓN

- Fomentar un modelo de xestión formado por **equipos multiprofesionais** con integración real e orientación comunitaria.
- A prevención é o reto do sistema de saúde, hai que apostar pola atención primaria e romper o actual modelo hospitalocentrista.
- Mellorar a atención sociosanitaria das persoas maiores e outros colectivos vulnerables. Impulsar a **orientación comunitaria** nos centros de saúde en colaboración con Saúde Pública.
- Impulsar o envellecemento saudable cun enfoque preventivo e de promoción da saúde, garantindo o **acceso equitativo a prestacións** sociais e sanitarias.

### SEXAMOS MÁIS EFICIENTES

- Hai que apostar por unha **maior racionalización do gasto farmacéutico**, somos dos países con maior gasto en farmacia.
- A **centralización de compras** de hospitais e servizos de saúde (medicamentos, equipos técnicos, etc.) axudaría de forma moi importante a aforrar custos.

### MELLOREMOS A ATENCIÓN

- Débese establecer a adecuada dotación de recursos profesionais, incorporando aos equipos de atención primaria e unidades de apoio outros profesionais (terapeutas ocupacionais, fisioterapeutas, ópticos-optometristas, entre outros).
- Esiximos que se reconeza a categoría de **facultativo especialista en xeriatria** en todo o Sistema Nacional de Saúde e que se creen máis prazas que son totalmente necesarias, pois estamos á cola da Unión Europea.
- Débese dar prioridade ás **consultas presenciais e unha atención de calidade**; igualmente, eliminar as trabas a probas diagnósticas e terapéuticas.
- Hai que **reducir os tempos de espera**, tanto no Sistema Nacional de Saúde como no Sistema de Atención ás Persoas Dependentes.
- Fomento da **saúde pública con promoción da saúde e actividades preventivas que melloren a calidade de vida dos maiores**.
- Promoción dunha **maior autonomía dos maiores (suprimir barreiras e fendas que limitan)** no seu medio biolóxico, psicolóxico e social.